


Camiño de Fisterra



	DISTANCIA
Maroñas	
Sta. Mariña	
A Gueima	3,90
Vilar do Castro	0,70
Lago	2,30
Abeleiroas	0,90
Corzón	1,10
Ponte Olveira	3,10
Olveiroa	2,20
Logoso	2,45
Hospital	1,00
Ponte do Vao	
As Carizas	
Dumbría	4,50

Lugares polos que se pasa:

Maroñas, Santa Mariña, Gueima, Vilar do Castro, Lago, Abeleiroas, Corzón, Ponte Olveira, Olveiroa, Logoso, Hospital, Ponte do Vao, As Carizas, Dumbría.

Maroñas – Gueima 3.9 km

Gueima – Vilar do Castro 0.70 km

Atravesamos as aldeas de Bon Xesús, onde podemos ver un fermoso cruceiro, Gueima e Vilar do Castro.

Vilar do Castro – Lago 2.30 km

En Vilar do Castro, como o seu nome indica, hai un castro no cumio do Monte Aro de 1.72 hectáreas e 74 metros de radio con foxo e muralla, situado a 556 metros. Baixamos a Lago.

Lago – Abeleiroas 0.90 km

Imos a Porteliñas e, á esquerda, pola pista da Picota ata o desvío a Abeleiroas, á dereita.

Abeleiroas – Corzón 1 km

En Corzón, igrexa de San Cristovo, con torre exenta e sinxelo cruceiro.

Abeleiroas – Corzón 1 km

Corzón - Ponte Olveira 3.10

Baixamos ao lugar de Mallón e xa entramos no Concello de Dumbría por Ponte Olveira.

Ponte Olveira –Olveiroa 2.20

Salvamos o río Xallas por unha ponte do s. XVI moi reformada posteriormente. Foi testemuña da batalla librada entre locais e as tropas napoleónicas.

Olveiroa – Logoso 2.45

En Olveiroa, subimos dende o lavadoiro ao Monte do Sino con vistas sobre o Xallas. **Castro do Castelo**, situado a 287 metros de altitude, conta con dobre muralla. Á saída de Olveiroa hai un **campo de mámoas**. Tamén se pode contemplar unha **igrexa** dedicada a **Santiago**.

Logoso – Hospital 1

Pasando a **ponte** de Logoso e atravesando a aldea, situada ao pé do Monte do Castelo, chegaremos á **fábrica de carburos de Ferroatlántica** e cómpre **desviarse á dereita cara Muxía**. Antes pasaremos por un **campo de mámoas** e un **castro**.

Hospital tivo un hospital que aínda funcionaba no século XVII e unha capela dedicada a San Marcos.

Hospital - Dumbría 3.50

“As terras de Dumbría teñen un rico pasado histórico e foron habitadas desde moi pronto, como o demostran as diversas pegadas dos tempos prehistóricos. O monumental dolmen de Pedra da Arca é un magnífico exemplo da arquitectura megalítica; o petroglifo de Pedra Ancha é unha interesante mostra da arte ao aire libre da Idade de Bronce. Pero ao carón destes interesantes bens culturais atopamos salteando a paisaxe varias mámoas, como as situadas perto da ermida de San Pedro Mártir ou as escavadas ao lado da estrada C-552 en Bustelo, o que nos falan dun habitar intenso durante a Prehistoria.

A presenza humana tamén é patente no período da cultura castrexa. Destacan os castros das Teixoeiras, o Castelo de Logoso, o castro de Regoelle, o de Berdeogas ou o de Alvarelos.

Xa nos tempos medievais Dumbría aparece mencionada pronto nos documentos. Así, nunha relación de parroquias da entón diocese de Iria e nun texto denominado *documento de Tructinio*, datado no ano 868, aparece citada *Santa Eulalia in Donobria*, o que os historiadores identifican claramente coa actual Dumbría. Na baixa Idade Media as terras de Olveira e Olveiroa aparecen vinculadas aos dominios do bispo compostelán, e nesta última localidade tiñan unha torre de defensa, ou *casa forte*, para controlar o paso sobre o río Xallas. Olveiroa é unha aldea que aínda conserva trazas dun urbanismo de orixe medieval. A parroquia de Buxantes pertencía a San Martiño Pinario, xunto co mosteiro de Moraime (Muxía).



Dumbría tamén está vinculada á rota xacobeá. Xa dende comezos do século XIII sabemos dun hospital ou albergue para peregrinos na aldea de Hospital que fora doado polo seu fundador ao cabido compostelán.

No Antigo Réxime a maioría das parroquias de Dumbría pertencían á xurisdición de Corcubión, rexentada polo conde de Altamira.

Durante a Guerra de Independencia as tropas francesas cruzan o río Xallas por Ponte Olveira camiño de Cee e Corcubión, derrotando a cativa resistencia que lle puxeran os guerrilleiros e, despois, destrozando as aldeas de Olveiroa e Hospital e matando a moitos dos seus habitantes, tamén queiman o lugar da Fonte Santa. Un dos líderes guerrilleiros era o párroco de Santa Uxía do Ézaro.

A comezos do século XX instálanse ao pé do Xallas as primeiras centrais hidroeléctricas da zona, que levarían a que este sexa un dos ríos máis aproveitados para a produción eléctrica.” Fonte: Concello de Dumbría”